

## Alicerces dos deportes náuticos en Cangas (I)



Competición de natación Rodeiramar - Náutico de Vigo en 1932.

Xerardo Dasairas\*

25-07-21 | Faro de Vigo-Morrazo

<https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2021/07/25/alicerces-deportes-nauticos-cangas-i-55408729.html>

Este fin de semana comencian na capital do Xapón as olimpíadas, que por culpa da pandemia do COVID 19 teñen que celebrarse cun ano de retraso. Aproveitando que Cangas téñen unha ampla representación nos Xogos Olímpicos de Tokio e por completar o espectro dos deportes náuticos que iniciamos coas traíñeiras, incidimos agora basicamente nos da natación, o waterpolo e o piragüismo que tiveron ao Club Rodeiramar como máximo expoñente nos primeiros anos trinta do século pasado. O mundo do mar sempre foi unha gran canteira de deportistas na comarca do Morrazo.

A natación, pola súa escasa complicación, agás os **pudorosos “traxes de baño completos”** esixidos, é un dos deportes máis antigos e xa estivo **presente nos Xogos Olímpicos de Atenas en 1896**. Porén non sería ata os anos vinte que as competicións non contasen cunhas bases e estilos diferenciados. Nas festas que se celebraban nos meses de verán como o Carmen ou o Cristo, adoitábase incluír **competicións de botes, gamelas ou traíñeiras** e arredor dos anos vinte tamén se prodigan as probas de natación, aínda que con poucos participantes.

A primeira referencia que temos dunha **proba de natación en Cangas, foi a celebrada nas Festas do Cristo de 1926** cos seguintes resultados: 1º Francisco Fernández Cervera, 2º Antonio Santos Sequeiros e 3º Antonio Fernández Cervera. En xuvenís, os gañadores foron: 1º José Fernández Cervera, 2º José Santos Sequeiros, 3º Álvaro Fernández Rodal e 4º Serafín Pérez Barros.

Arredor destes nomes vaise consolidar un grupo de nadadores co propósito de competir nas probas que se programen na contorna, como dixemos, case sempre arredor dunha celebración festiva. Neste sentido temos que remontarnos ás festas de San Miguel en Marín onde os **cangueses Antonio e Jesús Santos Sequeiros** se presentan para competir na **travesía Tambo-Marín de 1.300 metros** contra outros catro nadadores, dous deles tamén irmáns de Pontevedra, que gañaron a proba. Jesús alcanzaría o terceiro lugar e Antonio tivo que retirarse ao pouco de iniciar a proba.



Concurso de natación en Bueu en 1920.

Unha proba de natación que alcanzaría grande interese foi a **Travesía da Ría**, denominada **Concurso Internacional de Natación** pois asisten nadadores portugueses e que comeza a celebrarse en agosto de 1929, alcanzando varias edicións que a converteron en tradicional.


Nas Festas do Cristo de 1930 volve haber probas de natación, agora **organizadas polo novo Club Rodeira que se acababa de constituir** seguindo o ronsel do tamén recién fundado Club Marítimo de Vigo (xuño) co que os de Cangas haberían competir nestes inicios. Estas competicións festivas consistían basicamente en probas de resistencia duns 1.500 metros. e probas de velocidade de 100 metros nas que se disputaba un trofeo, aínda que como nas celebradas en Marín tamén había **premios en metálico de ata 30 pesetas, previa inscrición de 2 pesetas.**

En Cangas, ademais dos nadadores, os do **Club Rodeiramar, presidido por Francisco Fernández Cervera**, van organizar un equipo de waterpolo, que se estreará nas Festas do Cristo deste ano como deporte inherente á natación, para competir con outros clubs. O incremento dos clubs nestas datas, con claros intereses pedagóxicos e divulgativos, van supoñer un gran despegue para os deportes náuticos, que agás a natación, supuñan un certo investimento material. Por iso, **os seus socios van proceder das elites sociais urbanas, economicamente acomodadas**, o que non foi eiva para que fose baixo a República cando se desenvolvesen pola atención prestada á cultura, o ensino e o deporte.

O waterpolo chamouse en principio **“aquatic handball” (balonmán acuático)** e dise que tivo orixe no século XIX cando levaban aos presos a bañarse aos lagos e ríos e aproveitaban para xogar partidos cunha pelota. Como fose, o caso é que os británicos foron pioneiros neste deporte e dotárono de regulamento, competindo en piscinas **copiadas dos baños romanos de Bath**, conseguindo incluílo nas olimpíadas de 1900.

Comentamos isto porque os nosos deportistas durante moitos anos tiveron que practicar estes deportes no mar ou nos embalses, o que foi unha eiva para o seu desenvolvemento posterior.

## A primeira muller que cruzou a Ría a nado



Chegada a Vigo

Ocorreu en 1930, un mércores 27 de agosto, cando a francesa Jeanne Allendy, que actuaba nun café de Vigo, tocando instrumentos de vento e corda, díxolle días antes a membros do Club Náutico que cruzar a ría a nado era para ela como tomar un vaso de auga. E dito e feito: Neste día foi levada en barco ata o Con de Tirán e as once da mañá botouse á auga, plantándose no Club Marítimo de Vigo en dúas horas, oito minutos e sete segundos, tendo que superar as fortes correntes existentes aquel día.

O xoven nadador de 16 anos Baldomero Concejo (logo estrela do Club vigués) foi remando no bote que a trasladou ao Con e logo acompañouna nadando ata Vigo. Cando chegou, a francesa recibiu un ramo de flores coas cores españolas e francesas e máis tarde, o Marítimo entregoulle unha medalla que conmemoraba esta fazaña.



Entrega da medalla conmemorativa

Nestas datas do verán de 1930 xa estaba en trámite a **incorporación ao grupo de nadadores e waterpolistas**, do equipo de piragüistas encabezado polos irmáns Juan e José Azpeitia. O 12 de outubro, os nadadores do Rodeiramar van ter a primeira competición en Vigo contra os do Marítimo en probas de 100 metros libres nas que participaban Pepín, Finín e Antonio Sequeiros que gañou esta competición. A prevista proba de 400 metros libres non se celebrou e na de relevos 4x50 metros. **Gañou o equipo de Cangas** formado por A. Sequeiros, Finín, Pepín e Lucas. Nas probas infantís de 50 metros e relevos 4x25 metros gañaron os de Vigo. No **partido de waterpolo gañou o equipo do Rodeiramar** formado por Humberto, César, Queirós, Pepín, A. Sequeiros, Finín e Lucas.

Neste mesmo verán de 1930 xa chaman a atención as piraguas e comezan a facerse travesías por mar sopesando as posibilidades destas lixeiras embarcacións neste elemento e dous socios do Marítimo vigués percorren **o traxecto de Pontevedra a Cambados en oito horas sen sobresaltos**.

Así comezarían a incluírse timidamente nas competicións náuticas galegas e iníciase unha evolución das individuais de lona (kaiaks) cara ás de madeira que incorporan tamén as dobres, moi celebradas, pois permiten, cal cabaleiros medievais, **levar na grupa a unha dama, nacendo as chamadas probas mixtas**. Desde 1924, o piragüismo aparecerá nas Olimpíadas como **deporte de exhibición e non se inclúe nas mesmas ata 1936** xa cun regulamento e categorías.

Agora xa están feitas en madeira lixeira e cunha maior lonxitude que as fai máis rápidas, tema este no que os Azpeitia se adiantarían varios anos, competindo na modalidade de tipo libre. Xa en xuño do 1930, cando o Marítimo vigués organiza unhas regatas, a atención dos afeccionados vaise centrar en dúas piraguas de lona que van regatear por primeira vez. Tamén este ano e nas festas da Peregrina en Pontevedra, tamén se van incluír nas regatas dúas probas de piraguas, individual e dobre, en competición co Náutico da Coruña.





Equipo de waterpolo Rodeiramar en 1931.

Durante o ano 1931 non temos noticia da **participación do Rodeiramar en competicións** pero a finais de xullo deste ano solicitaría do Concello o **permiso para usar en Rodeira unha área de 300 metros cadrados na marxe esquerda do Saíñas** cunha caseta para gardar as piraguas. O domingo 16 agosto van a competir a Vigo cos nadadores do Náutico participando Pepe e Finín nos 50 metros libres contra outros dous nadadores do club vigués. Na proba de 100 metros. braza gañou A. Sequeiros e na de 4x50 relevos gañou o equipo cangués formado por Antonio, Finín, Pepín e Lucas.

O equipo de waterpolo formado por Humberto, César, Queirós, Pepín, Antonio, Finín e Lucas tamén se impuxo ao do Náutico. O domingo 20 de setembro, convidados de novo polo Marítimo vigués, os do Rodeiramar acoden a un partido de waterpolo que completaba unhas probas de traíñeiras, esquifes e piraguas nas que non participa aínda o club cangués.

En 1932, o club xa conta **cun local social na rúa Eugenio Sequeiros, fronte do mercado de abastos**, onde estivo logo o Casino, dotándoo de xogos recreativos de mesa, onde socios e socias pasaban o tempo nos días de outono e inverno. No mes de maio, o Rodeiramar vai recibir o **permiso do Concello para instalarse en Rodeira cunha concesión por cinco anos e 30 pesetas**. anuais de canon e en xuño, ao se **constituir a Federación Galega de Natación Amateur (FGNA)** o Rodeiramar é dos primeiros clubs en asinar a súa adhesión xunto con dous clubs da Coruña e o Marítimo de Vigo.

Ata o domingo 14 de agosto en que se celebra **en Vigo o I Campionato Galego de Natación** non tiñamos noticia do Rodeiramar que se presenta para competir cos clubs Náutico da Coruña, Gimnástica de Pontevedra e Marítimo de Vigo. As competicións anunciadas son os 100 e 1500 metros libres; 200 metros braza de peito; 5x50 metros relevos e 100 metros libres femininos e saltos. O día 21 celébrase a segunda xornada e José A. Santos do Rodeiramar clasifícase 1º en 400 metros e queda terceiro en 100 metros espalda. En relevos 4x50 o Rodeiramar formado por E. Santos, Serafín Pérez, A. Santos e Sergio Bas clasifícase terceiro. O

equipo de 4x200 metros relevos, formado por Humberto Fernández, Manuel Mariño, José Azpeitia e J. A. Santos quedan de sextos. Como club o Rodeiramar ocuparía o terceiro posto.

### As canoas-automóbil



Entre os primeiros posuidores dunha canoa-automóvil estaba o conserveiro Julio Cervera que a gardaba no Náutico vigués alá polo 1909. En 1910 sería o Servizo de Sanidade de Vigo quen adquerise unha para o desprazamento ao lazareto de San Simón e desde esta data algunhas Juntas de Obras del Puerto e Sociedades de Salvamento tamén se dotaron con elas. As primeiras competicións de canoas-automóvil tiveron lugar en portos vascos, propiedade de empresarios pero patroneadas por pilotos contratados. Na Ría de Vigo, estes vehículos acuáticos non se prodigarían ata os anos vinte da man de armadores e conserveiros. A primeiros de setembro de 1925, nas festas do Cristo fíxose unha competición das mesmas en Cangas pero cun carácter publicitario dun motor diésel que presentaba unha marca e que lle deu o trunfo á embarcación do armador cangués Manuel Camiña fronte ás de gasolina. Exhibicións deste tipo tamén as facía Guido Paganini coa súa lancha como representante da firma italiana Baglietti. Aínda que os Cervera, Massó, Montemerlo, Pérez Barros... posuían canoas-automóvil nunca as usaron para competir.

Os domingos 11 e 18 de setembro 1932 celébrase o I Campionato Ría de Vigo entre os clubs Marítimo vigués e o Rodeiramar, primeiro en Vigo e logo en Cangas onde houbo **un partido de waterpolo a prol dos náufragos da motora "Azaña"**. Os resultados en natación foron: en 100 metros braza, 1º Lucas Sequeiros e 3º Antonio Sequeiros, ambos do Rodeiramar. En 50 metros libres Sergio Bas do Rodeiramar alcanzaría o 3º posto e nos 300 metros libres A. Sequeiros sería 2º e Lucas Sequeiros 3º. En 100 metros femininos os dous primeiros postos foron para Teresa Boán e Carola Meléndez, ambas do Rodeiramar que competiron entre elas ao non acudir a nadadora do Marítimo. No 5x50 de relevos, o equipo A do Rodeiramar composto por Bas, Cervera, Bolívar, Lucas Sequeiros e A. Sequeiros foron segundos e o equipo B, formado por Mariño, Sequeiros, Eugenio, J. M. Azpeitia e Jerez, foi cuarto.

Estes resultados déronlle a vitoria ao Marítimo por 20 puntos fronte aos 16 do Rodeiramar. O 23 de outubro de 1932 con motivo de se celebrar o I Campionato Universitario de Galicia, ao que deberían acudir as facultades de Santiago, só se presentan os da escola de Comercio e da Industrial de Vigo no que figuran coñecidos nadadores de Cangas como Azpeitia, Cervera ou Lucas Sequeiros, nadador que tamén vai acudir ao Campeonato de España de Natación en Valencia, representando a Galicia, tendo unha discreta actuación.



\*Profesor e investigador